

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 23 de xuño de 2017 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2015/16, convocados pola Orde do 10 de febreiro de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 28 de febreiro).

A Orde do 10 de febreiro de 2017 (DOG do 28 de febreiro) pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2015/16, establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo xurado de selección á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2015/16 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





ANEXO

Proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2015/16

Sol.	Apelidos e nome	Familia profesional	Cód. C.	Centro educativo	Importe
8808	Carbón Lorenzo, Jonathan de Jesús	Actividades Físicas e Deportivas	15005233	IES Agra do Orzán	850 €
8627	Barrio Carracedo, Ana Belén	Administración e Xestión	32001725	IES Lauro Olmo	850 €
8724	García Fontenla, Ángela	Agraria	36020192	CFEA de Lourizán	850 €
8949	Vilachán Suárez, Alba	Artes Gráficas	36006419	IES Montecelo	850 €
8620	Castro Trillo, Noemi	Comercio e Márketing	36011579	IES A Guía	850 €
8809	Vagapov, Izet	Electricidade e Electrónica	15005269	IES Urbano Lugrís	850 €
8615	Mosquera Fraga, José María	Energía e Auga	15006754	CIFP Ferrolterra	850 €
8730	Soto Quintía, Sonia	Fabricación Mecánica	15006754	CIFP Ferrolterra	850 €
9045	Barrio Fraga, Alba	Hostalaría e Turismo	36020064	CIFP Carlos Oroza	850 €
9134	López Rodríguez, Patricia	Imaxe e Son	27020756	CPR TIC	850 €
9135	Vila Bouzas, Jennifer	Imaxe Persoal	15024513	CIFP Someso	850 €
8771	Carrera Lago, Ana	Industrias Alimentarias	36007552	CIFP A Granxa	850 €
8749	Lago Martínez, Anxo	Informática e Comunicacions	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	850 €
8726	Mosteiro Buján, Iván	Instalación e Mantemento	36024525	CIFP de Coia	850 €
9030	Sesto Codesido, Francisco	Madeira, Moble e Cortiza	15024513	CIFP Someso	850 €
8927	Vázquez Hermo, Ramón Manuel	Marítimo-Pesqueira	36011804	Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico	850 €
8520	Ruiz Iglesias, Eva	Química	15027770	IES A Sardiñeira	850 €
8811	Estévez Cobela, Lucía	Sanidade	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	850 €
8617	Peixoto Pereira, Diego	Seguridade e Medio Ambiente	36007552	CIFP A Granxa	850 €
8962	Dapena Hortas, Sandra	Servizos Socioculturais e á Comunidade	36019566	IES de Chapela	850 €
8967	Bouzas Sieira, Eva	Téxtil, Confección e Pel	15027897	CIFP Paseo das Pontes	850 €
8940	Pallares Soengas, Juan	Transporte e Mantemento de Vehículos	15024513	CIFP Someso	850 €

